Lingua islandesa

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

A **lingua islandesa**[1] é un idioma escandinavo occidental, da familia das linguas xermánicas setentrionais. A súa orde de constituíntes é S-V-O. É falada por arredor dun cuarto de millón de persoas na illa de Islandia.

Islandés 'íslenska'	
Falado en:	Islandia
Rexións:	Noroeste de Europa
Total de falantes:	300 mil
Familia:	Indoeuropea Xermánica Setentrional Escandinava occidental **Islandés**
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Islandia
Regulado por:	Instituto da Lingua Islandesa (*Íslensk málstöð*)
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	`is`
ISO 639-2:	`isl`
ISO 639-3:	`isl (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=isl)`
SIL:	`ICE (http://www.ethnologue.org/show_language.asp?code=ICE)`



Índice

Alfabeto

O alfabeto islandés está formado por 32 letras do alfabeto latino que foi introducido arredor do ano 1000, desprazando ao rúnico. Das 26 letras do mencionado alfabeto son excluídas catro: C, Q, W e Z, pero agréganse 7 vogais con signo diacrítico: Á, É, Í, Ó, Ú, Ý, Ö e 3 letras: Ð/ð, que é unha fricativa dental sonora; Þ/þ, que é unha fricativa dental xorda e o dígrafo Æ/æ que se pronuncia coma o ditongo [ai].

O Z foi derrogado en 1974, sendo substituído polo S (que tiña a mesma pronunciación). A pesar disto, aínda quedan algúns falantes que se resisten a abandonar aquela letra e incluso un dos maiores periódicos islandeses, o *Morgunblaðið*, sostén esa postura.

Alfabeto islandés

A / a	Á / á	B / b	D / d	Ð / ð	E / e	É / é	F / f
G / g	H / h	I / i	Í / í	J / j	K / k	L / l	M / m
N / n	O / o	Ó / ó	P / p	R / r	S / s	T / t	U / u
Ú / ú	V / v	X / x	Y / y	Ý / ý	Þ / þ	Æ / æ	Ö / ö

Fonoloxía e fonética

Partindo da ortografía, unha vogal non se pronuncia igual se está acentuada ou non: non é o mesmo *a* que *á* e *u* tampouco igual ca *ú* (e igual para *e-é*, *i-i*, *o-ó* ou *y-ý*). Son especiais as vogais *æ* e *ö*. Outros signos propios da escrita islandesa son as consoantes *Ð* (*ð*) e *Þ* (*þ*), que se retrotraen dos moi antigos tempos do saxón arcaico (Rasmus Rask, o creador do alfabeto islandés, adoptouno dun tratado do século XII): o primeiro soa coma o primeiro fonema inglés de *the* e o segundo coma *thin* (o *z* galego). Ten 32 letras na súa escrita.

Consoantes

Consoantes

	Bilabial	Labio-dental	Dental	Alveolar	Palatal	Velar	Glotal
Oclusiva	pʰ p		tʰ t		cʰ c	kʰ k	ʔ
Nasal	m̥ m		n̥ n		ɲ̊ ɲ	ŋ̊ ŋ	
Fricativa		f v	θ ð	s	ç j	x ɣ	h
Vibrante Múltiple				r̥ r			
Aproximante Lateral				l̥ l̥ˠ l lˠ			

Vogais

Monoptongos	Anterior	Posterior
Pechada	i	u
Semipechada	ɪ • ʏ	
Semiaberta	ɛ • œ	ɔ
Aberta	a	

Onde os símbolos aparecen en pares, aquel á dereita do punto representa unha vogal redondeada.

Ditongos	O compoñente máis pechado é anterior	O compoñente máis pechado é posterior
O compoñente máis aberto é medio	ei • øy	ou
O compoñente máis aberto é aberto	ai	au

Cantidade vocálica

A cantidade é a duración das vogais, ditongos e sílabas naquelas linguas indoeuropeas caracterizadas como linguas cuantitativas.

En islandés os monotongos e ditongos tónicos son longos nos siguintes casos:

- En palabras monosílabas cando a vogal vai no final da palabra:
  - *fá* [fauː] «recibir»
  - *nei* [neiː] «non»
  - *þú* [θuː] «ti»
- Ante unha soa consoante:
  - *fara* [ˈfaːra] «ir»
  - *hás* [hauːs] «rouco»
  - *vekja* [ˈvɛːca] «espertar»
  - *ég* [jɛːɣ] «eu»
  - *spyr* [spɪːr] «pregunto»
- Ante calquera destes grupos [pr tr kr sr], [pj tj sj], ou [tv kv]. Excepción: se hai un **t** ante o infixo **k**, como sucede en **notkun** e mais en **litka**. Existen tamén excepcións adicionais coma **um** e **fram**, onde a vogal é curta a pesar das regras e **en**, onde a lonxitude da vogal depende do contexto.)
  - *lipra* [ˈlɪːpra] «áxil» (acusativo feminino)
  - *sætra* [ˈsaiːtra] «doce» (xenitivo plural)
  - *akra* [ˈaːkra] «campos» (acusativo plural)
  - *hásra* [ˈhauːsra] «rouco» (xenitivo plural)
  - *vepja* [ˈvɛːpja] «avefría»
  - *letja* [ˈlɛːtja] «disuadir»

- *Esja* [ˈɛːsja] topónimo dunha montaña
- *götva* [ˈkœːtva] como aparece en *uppgötva*: «descubrir»
- *vökva* [ˈvœːkva] «regar»

Ante outros grupos consonánticos (incluídos os oclusivos preaspirados [hp ht hk] e consoantes xeminadas, as vogais acentuadas son curtas. As vogais átonas son sempre breves.

- *Karl* [kʰartl̥] «Carlos»
- *standa* [ˈstanta] «estar de pé»
- *sjálfur* [ˈsjaulvʏr] «(un) mesmo»
- *kenna* [ˈcʰɛnːa] «ensinar»
- *fínt* [fin̥t] «fino» (acusativo neutro de *fínn*)
- *loft* [lɔft] «aire», «ceo»
- *upp* [ʏʰp] «arriba»
- *yrði* [ˈɪrðɪ] como en *nýyrði*: «neoloxismo»
- *ætla* [ˈaiʰtla] «pretender»
- *laust* [løyst] «lixeiramente»

(Nota: en islandés o acento recae sempre na primeira sílaba.)

Gramática

O islandés é unha lingua declinable con catro casos gramaticais: nominativo, acusativo, dativo e xenitivo. Os substantivos islandeses poden ter un dos tres xéneros gramaticais, masculino, feminino ou neutro. Os substantivos, adxectivos e pronomes son declinables en catro casos e dous números, singular e plural.

Morfoloxía

A morfoloxía islandesa conserva gran parte da estrutura do xermánico antigo. Os substantivos declínanse por caso, número e xénero, os adxectivos por caso, número, xénero e comparación, hɑi soamente dúas declinacións para os adxectivos, débil e forte. O islandés posúe só o artigo definido, o cal pode ir só ou pegado ao substantivo. Os verbos conxúganse segundo tempo, modo, persoa, número e voz. Existen tres voces: activa, pasiva e medial, non obstante pode debaterse se a voz medial é unha voz ou simplemente é unha clase independente de verbos. Hai dous tempos, pasado e presente; para elaboralos hai certo número de construcións auxiliares.

Os substantivos

(Véxase tamén nomes débiles).

Os substantivos islandeses son similares ao nórdico antigo, tanto na forma coma na inflexión. Declínanse nos catro casos antes mencionados, e varían en xénero e número. Hai dúas declinacións principais para cada xénero: substantivos fortes e febles. Existen numerosas declinacións diferentes. Aquí un exemplo das declinacións "regulares" nos tres xéneros.

Glas = vaso, *gler*= cristal. Etimoloxicamente son a mesma palabra, pero *glas* é un préstamo e *gler* é nativa. O *(j)* na declinación de *gler* quere dicir que o *j* é unha intrusión tardía.

número	caso	masculino	feminino	neutro	neutro
singular	**nom.**	hattur	borg	glas	gler
	ac.	hatt	borg	glas	gler
	dat.	hatti	borg	glasi	gleri
	xen.	hatts	borgar	glass	glers
plural	**nom.**	hattar	borgir	glös	gler
	ac.	hatta	borgir	glös	gler
	dat.	höttum	borgum	glösum	gler(j)um
	xen.	hatta	borga	glasa	gler(j)a

O xénero dun substantivo pode ás veces ser recoñecido observando a terminación:

- **Substantivos masculinos**—normalmente rematan en *-ur*, *-i*, *-ll* ou *-nn*
- **Substantivos femininos**—ídem *-a*, *-ing* ou *-un*
- **Substantivos neutros**—se a última letra da palabra ten un acento agudo (´), entón é xeralmente neutro.

Existen algúns substantivos, tal como *leikfimi* (*ximnasia*) que non son declinables.

Os artigos

O islandés non ten un artigo indefinido (*un/unha*, o *a/an* inglés), e o artigo definido (*o/a*, o *the* inglés ou *der/die/das* alemán) únese ao final da palabra en cuestión. A seguinte táboa mostra as formas habituais de sufixación do artigo definido:

<table>
<tr><th colspan="6">Sen artigo</th><th colspan="6">Artigo definido</th></tr>
<tr><th colspan="2">masculino</th><th colspan="2">feminino</th><th colspan="2">neutro</th><th colspan="2">masculino</th><th colspan="2">feminino</th><th colspan="2">neutro</th></tr>
<tr><th>sing.</th><th>plu.</th><th>sing.</th><th>plu.</th><th>sing.</th><th>plu.</th><th>sing.</th><th>plu.</th><th>sing.</th><th>plu.</th><th>sing.</th><th>plu.</th></tr>
<tr><td>-ur</td><td rowspan="4">-ar</td><td rowspan="2">-0</td><td rowspan="2">-ir</td><td rowspan="4">-0</td><td rowspan="4">-0</td><td>-urinn</td><td rowspan="4">-arnir</td><td rowspan="2">-0in</td><td rowspan="2">-irnar</td><td rowspan="4">-0ið</td><td rowspan="4">-0in</td></tr>
<tr><td>-i</td><td>-inn</td></tr>
<tr><td>-ll</td><td rowspan="2">-a</td><td rowspan="2">-ur</td><td>-llinn</td><td rowspan="2">-an</td><td rowspan="2">-urnar</td></tr>
<tr><td>-nn</td><td>-nninn</td></tr>
</table>

O exemplo de abaixo amosa tres substantivos, un para cada xénero, declinado en nominativo:

- **masculino:** *hval**ur***—“(unha) balea” convértese en *hval**urinn***—“a balea”
- **feminino:** *klukk**a***—“(un) reloxo” convértese en *klukk**an***—“o reloxo”
- **neutro:** *heimilisfang*—“(un) enderezo” convértese en *heimilisfang**ið***—“o enderezo”

Pronomes

Persoais

Os pronomes persoais en islandés son como seguen:

	caso	1ª persoa	2ª persoa	3ª persoa		
singular	nom.	ég	þú	hann	hún	það
	ac.	mig	þig	hann	hana	það
	dat.	mér	þér	honum	henni	því
	xen.	mín	þín	hans	hennar	þess
plural	nom.	við	þið	þeir	þær	þau
	ac.	okkur	ykkur	þá	þær	þau
	dat.	okkur	ykkur	þeim		
	xen.	okkar	ykkar	þeirra		

A terceira persoa do plural ten igualmente os tres xéneros. Ao referirse a un grupo de persoas no que se achan homes e mulleres úsase a forma neutra. Coma en inglés, o pronome normalmente vai antes que o verbo:

Ég heiti Magnús — Chámome Magnús A orde da frase pode ser invertida. Neste caso, coma en todas as linguas xermánicas (agás o inglés moderno), o verbo ten que ocupar obrigatoriamente o segundo lugar:

Magnús heiti ég — "Magnús me chamo" (Chámome Magnús)

Como se ve, un cambio de orde coma este fai que a frase non teña moito senso, isto débese á perda da declinación, se o galego conservase a súa declinación de orixe latina, poderíamos facer este tipo de construcións.

Posesivos

Os pronomes posesivos para un só posuídor son:

	caso	1ª persoa			2ª persoa			3ª persoa		
singular	nom.	minn	mín	mitt	þinn	þín	þitt	sinn	sín	sitt
	ac.	minn	mína	mitt	þinn	þína	þitt	sinn	sína	sitt
	dat.	mínum	minni	mínu	þínum	þinni	þínu	sínum	sinni	sínu
	xen.	míns	minnar	míns	þíns	þinnar	þíns	síns	sinnar	síns
plural	nom.	mínir	mínar	mín	þínir	þínar	þín	sínir	sínar	sín
	ac.	mína	mínar	mín	þína	þínar	þín	sína	sínar	sín
	dat.	mínum			þínum			sínum		
	xen.	minna			þinna			sinna		

As tres columnas para cada persoa representan masculino, feminino e neutro respectivamente. *Minn* quere dicir *meu*, *þinn* quere dicir *teu* e *sinn* quere dicir *seu*.

Demostrativos

Os demostrativos son como seguen:

	caso	1ª persoa			2ª persoa			3ª persoa		
singular	nom.	þessi	þessi	þetta	sá	sú	það	hinn	hin	hitt
	ac.	þennan	þessa	þetta	þann	þá	það	hinn	hina	hitt
	dat.	þessum	þessari	þessu	þeim	þeirri	því	hinum	hinni	hinu
	xen.	þessa	þessarar	þessa	þess	þeirrar	þess	hins	hinnar	hins
plural	nom.	þessir	þessar	þessi	þeir	þær	þau	hinir	hinar	hin
	ac.	þessa	þessar	þessi	þá	þær	þau	hina	hinar	hin
	dat.	þessum			þeim			hinum		
	xen.	þessara			þeirra			hinna		

As tres columnas para cada persoa representan masculino, feminino e neutro respectivamente. *Þessi* e *sá* raramente corresponde ao *este/ese* e *hinn* quere dicir *o outro entre os dous*.

Indefinidos

Hai arredor de quince ou vinte. A continuación amosamos o paradigma de *enginn* (*ninguén*) que é declinado da seguinte maneira:

ninguén	caso	Masculino	Feminino	Neutro
singular	nom.	enginn (engi)	engin (engi)	ekkert (ekki)
	ac.	engan (öng(v)an)	enga (öng(v)a)	ekkert (ekki)
	dat.	engum (öng(v)um)	engri (öngri)	engu (öng(v)u)
	xen.	einskis (einkis)	engrar (öngrar)	einskis (einkis)
plural	nom.	engir (öng(v)ir)	engar (öng(v)ar)	engin (engi)
	ac.	enga (öng(v)a)	engar (öng(v)ar)	engin (engi)
	dat.	engum (öng(v)um)		
	xen.	engra (öngra)		

Este é probablemente o pronome máis destacado do islandés. As formas en parentese son dialectais ou formas arcaicas, que só se usan na poesía. Existe unha forma aínda máis arcaica *einugi*, que é o dativo singular do neutro. Consérvase no refrán:

> ***Fátt er svo illt, að einugi dugi***, raramente se traduce coma:
> *Poucas cousas son tan malas que nada axuda*.

Reflexivos

O islandés posúe un pronome reflexivo, que funcionan dunha maneira parecida ó alemán *sich*. O caso nominativo non existe.

caso	pronome
ac.	sig
dat.	sér
xen.	sín

Por exemplo,

***hann þvær sér** — (El) lávase de seu*,

como oposición a que o laven,

***hún klæðir sig** — (Ela) vístese de seu*,

como oposición a que a vistan. O pronome non distingue xénero ou número.

Numerais

Os numerais do 1 ao 4 declínanse:

un, unha	**masculino**	**feminino**	**neutro**
nominativo	einn	ein	eitt
acusativo	einn	eina	eitt
dativo	einum	einni	einu
xenitivo	eins	einnar	eins

dous, dúas	**masculino**	**feminino**	**neutro**
nominativo	tveir	tvær	tvö
acusativo	tvo	tvær	tvö
dativo	tveimur		
xenitivo	tveggja		

tres	**masculino**	**feminino**	**neutro**
nominativo	þrír	þrjár	þrjú
acusativo	þrjá	þrjár	þrjú
dativo	þremur		
xenitivo	þriggja		

catro	**masculine**	**feminine**	**neuter**
nominativo	fjórir	fjórar	fjögur
acusativo	fjóra	fjórar	fjögur
dativo	fjórum		
xenitivo	fjögurra		

O resto dos numerais son coma seguen, e non se declinan menos aqueles que son realmente substantivos:

5	fimm	**19**	nítján
6	sex	**20**	tuttugu
7	sjö	**21**	tuttugu og einn
8	átta	**30**	þrjátíu
9	níu	**40**	fjörutíu
10	tíu	**50**	fimmtíu
11	ellefu	**60**	sextíu
12	tólf	**70**	sjötíu
13	þrettán	**80**	áttatíu
14	fjórtán	**90**	níutíu
15	fimmtán	**100**	(eitt) hundrað
16	sextán	**1.000**	(eitt) þúsund
17	sautján	**1 000 000**	(ein) milljón
18	átján	**0**	núll

A palabra *hundrað* é en realidade un nome neutro, *þúsund* pode ser tanto feminino coma neutro e os múltiplos de mil máis altos son masculinos opu femininos, de acordo coa súa terminación, p.ex. *milljón* é feminino, *milljarður* é masculino etc. *Núll* é neutro.

Adxectivos

Os adxectivos deben concordar co xénero e co número dos substantivos que describen. Por exemplo, a palabra *íslenskur* (*Islandés*) concorda como segue:

Icelandic (forte)	**caso**	**Masculino**	**Feminino**	**Neutro**
singular	**nom.**	íslenskur	íslensk	íslenskt
	ac.	íslenskan	íslenska	íslenskt
	dat.	íslenskum	íslenskri	íslensku
	xen.	íslensks	íslenskrar	íslensks
plural	**nom.**	íslenskir	íslenskar	íslensk
	ac.	íslenska	íslenskar	íslensk
	dat.	íslenskum		
	xen.	íslenskra		

En declinación forte, por exemplo:

> ***Ég bý með <u>íslenskri konu</u>***—*Eu vivo cunha <u>muller islandesa</u>*

Tanto *íslenskri* coma *konu* son dativo singular. Neste caso é a preposición *með* a que goberna o caso. (*Með* pode referirse tamén ao acusativo, distinguíndose os casos pola sintaxe.) Este é un exemplo de *declinación forte* de adxectivos. Se un artigo modifica a un adxectivo, ou calquera outro pronome, úsase a *declinación feble*, para esta palabra sería *íslenskur*:

Icelandic (feble)	**caso**	**Masculino**	**Feminino**	**Neutro**
singular	**nom.**	íslenski	íslenska	íslenska
	ac., dat., xen.	íslenska	íslensku	íslenska
plural	**All casos**	íslensku		

Un exemplo de declinación feble:

> ***Ég sá <u>veiku konuna</u>***—*Eu vin a <u>muller enferma</u>*

Veiku é a declinación feble de *veikur* (*enferma*) no acusativo singular. *Konuna* tamén é acusativo singular, pero co artigo definido adxunto (-*na*), obrigando ao adxectivo a ser feble. Neste exemplo, o verbo goberna o caso.

Aquí existen, polo menos, moitas menos formas que aprender, tres en total, aínda que cómpre saber como se distribúen.

Verbos

Como en moitos dos idiomas con declinacións, os verbos en islandés determinan (ou gobernan) os casos dos substantivos, pronomes e adxectivos posteriores na oración. Por exemplo:

- *Safna* ('aforrar ou acumular') goberna o dativo.

  Ég er að safna peningum til þess að geta keypt jólagjöf handa mömmu.
  Estou a aforrar cartos para ser quen de lle comprar un agasallo de Nadal á mamá
  (Peningum é o dativo plural de peningur (moeda, carto))

- *Sakna* ('botar de menos') goberna o xenitivo.

  Ég sakna þín
  Bótote de menos

O infinitivo da maioría dos verbos islandeses acaban en **-a**. As excepcións son uns poucos verbos a cabados en **-á**, como *slá* ('bater'), *flá* ('esfolar') e outros, os auxiliares *munu* and *skulu*, *þvo* (*lavar*), orixinalmente *þvá*, e o empréstito do danés *ske* (*suceder*), mal visto polos puristas. Os dous auxilares son importantes, debido a que se usan en moitos lugares para maquillar a pobreza dos tempos simples. *Þvo* é, loxicamente, moi común, pero *ske* xeralmente evítase. Existen tres grupos principais de verbos febles en islandés: **-ar**, **-ir**, and **-ur**, referidos ás terminacións que presentan cando se conxugan en terceira persoa do singular do presente de indicativo. Os verbos fortes e mais os irregulares (*auxiliares*, *ri-verbs* e *valda*) son unha cuestión á parte. Tomando o infinitivo *tala* ('falar'), por exemplo:

Número	**Singular**			**Plural**		
Persoa	**ég** ***eu***	**þú** ***ti***	**hann/hún/það** ***el/ela/(iso)***	**við** ***nós***	**þið** ***vós***	**þeir/þær/þau** ***eles/elas***
tala ***Falar***	tala *falo*	talar *falas*	talar *fala*	tölum *falamos*	talið *falades*	tala *falan*

Compárese co verbo *vera* ('Ser, estar'), verbo forte, e altamente irregular pero útil para a comparación:

vera ***ser, estar***	er *son*, *estou*	ert *es*, *estás*	er *é*, *está*	erum *somos*, *estamos*	eruð *sodes*, *estades*	eru *son*, están

Læra ('aprender') é un verbo -i:

læra ***aprender***	læri *aprendo*	lærir *aprendes*	lærir *aprende*	lærum *aprendemos*	lærið *aprendedes*	læra *aprenden*

E finalmente *velja* ('escoller'), que é un verbo -ur:

velja ***escoller***	vel *escollo*	velur *escolles*	velur *escolle*	veljum *escollemos*	veljið *escolledes*	velja *escollen*

Repárese en como para cada grupo de verbos, as conxugacións no singular cambian, mais no plural as terminacións son case sempre predecibles (*-um*, *-ið* e *-a*, respectivamente). Na maioría dos casos en islandés, os patróns de conxugación pódense aprender doadamente, xa que permanecen regulares en moitos verbos. Porén, cómpre advertir que non se pode determinar como conxugar un verbo simplemente a partir do seu infinitivo, de xeito que un problema da aprendizaxe do islandés é saber a que grupo pertence o verbo. Os verbos fortes encádranse en seis grupos incrementados por duplicacións, cada un deles coas súas propias peculiaridades e excepcións — hai tamén verbos auxiliares e os chamados ' *verbos r* - xunto co único verbo en islandés que se pode considerar totalmente irregular: *valda*. Existe unha clasificación máis ou menos sistemática de todos os verbos, mais os paradigmas cóntanse por ducias.

Algúns infinitivos acaban co sufixo **-ja**. Estes verbos pódense conxugar coma os verbos -ur, que é o mesmo que dicir que o sufixo se perde na primeira persoa do singular. Cando conxugamos os verbos -ja, a letra ‘j’ pode obviarse, de xeito que *syngja* (‘cantar’) sería *ég syng* (‘Eu canto’) na primeira persoa do singular e non *ég syngj*. Repárese, porén, que o **j** en si mesmo non é un indicador fiable. Exemplos disto serían *emja* (‘berrar’), que pertence a unha clase (primeira persoa do singular, *ég emja*, pasado *ég emjaði*) fronte *telja* (‘contar’), pertencente a outra clase, (*ég tel*, pasado *ég taldi*).

Tempos

Estritamente falando, só hai dous tempos simples, presente simple e pasado simple. Os demais fórmanse usando construcións auxiliares (algúns deles considéranse coma tempos e outros coma aspectos). Por exemplo, o presente continuo úsase do seguinte xeito:

> **pronome persoal + *vera* + að + verbo en infinitivo**
> ég er að læra
> *Estou a aprender*

Porén, cómpre reparar en que esta construción só se aplica polo xeral a conceptos abstractos, e non para actividades, por exemplo, *sentarse* non a usaría. Pola contra, o pasado simple si que a pode usar.

Os tempos colectivos son:

- condicional
- futuro
- pasado
  - continuo
  - perfecto
  - subxuntivo
- presente
  - continuos
  - perfecto
  - subxuntivo

Voces

O islandés posúe a voz media xunta coa activa e a pasiva. Os verbos en voz media sempre acaban en **-st**; este final pode ser engadido tanto ao infinitivo coma ás formas verbais conxugadas. Para estas últimas, os finais das segunda e terceira persoa (i.e. *-(u)r*, *-ð* e *-rð*) suprímense, como tamén as consoantes dentais (*ð*, *d* e *t*). Comparemos o verbo *breyta* (‘cambiar’) coas súas formas en voz media:

breyta ***cambiar***	breyti *cambio*	breytir *cambias*	breytir *cambia*	breytum *cambiamos*	breytið *cambiades*	breyta *cambian*
breytast ***cambiar***	breytist *cambio*	breytist *cambias*	breytist *cambia*	breytumst *cambiamos*	breytist *cambiades*	breytast *cambian*

A voz media de moitos verbos implican un significado lixeiramente diferente. Algúns verbos sobreviven só nesta forma, perdendo as outras ao longo do tempo. A voz media úsase normalmente nas seguintes situacións:

- **Reflexiva**— No lugar dun pronome reflexivo, por exemplo: *Þór meiðir sig* ⇒ *Þór meiðist* ('Þór férese')
- **Reciprocidade**— Por exemplo: *Þór talar við Stefán og Stefán talar við Þór* ⇒ *Þór og Stefán talast við* ('Þór e Stefán falan entre eles')
- **Un significado alternativo**— Como se dixo anteriomente, algunhas voces medias poden achegar significados diferentes dos que teñen os verbos dos que derivan, por exemplo, *koma*, ('vir') convértese en *komast* ('conseguir alí') e *gera* ('facer') pasa a ser *gerast* ('suceder')
- **Activa**— Nalgunhas situacións, a voz media úsase para expresar unha idea para a cal nós empregariamos a activa en galego. Por exemplo, a oración *bíllinn sést ekki* tradúcese como 'non se pode ver o coche'. Máis a miúdo, utilízase neste contexto cando non hai referencia directa a ningnunha persoa gramatical.

Modos

Como moitas outras linguas indoeuropeas, o islandés posúe o modo subxuntivo. Úsase a miudo, para se referir a situacións cun certo grao de hipoteticidade, pero máis especificamente nas situacións seguintes:

- **En estilo indirecto**— Por exemplo, co verbo *segja* na seguinte oración: *Jón segir að hún komi* ('Jón dixo que ela está a chegar')
- **Para expresar incerteza**— Despois de verbos coma *vona* ('agardar' no sentido de querer), *óska* ('desexar'), *halda* ('crer'), *búast við* ('agardar, desexar'), *óttast*, *vera hræddur um* ('temer') and *gruna* ('sospeitar'): *ég vona að henni batni* ('Agardo que se poña mellor')
- **Oracións interrogativas**— Especificamente logo do verbo *spyrja* ('preguntar'): *Jón spyr hvort þú ætlir að borða með okkur* ('Jón pregúntase cando virás comer con nós')
- **Con conxuncións**— O subxuntivo utilízase coas conxuncións *nema* ('a menos que'), þó að/ þótt ('aínda que'), *svo að* ('de xeito que'), til þess að ('coa fin de, co obxecto de')

Adverbios

Comparados con outras categorías gramaticais, os adverbios en lingua islandesa son relativamente sinxelos e non se declinan, menos nalgúns casos para facer comparacións. Pero aínda nestes casos pódense construír facilmente a partir dos adxectivos, os substantivos ou os verbos. Estes adverbios derivados con frecuencia acaban en **-lega** (aproximadamente equivalente ao sufixo **-mente** en galego):

> **nýr**—*novo* ⇒ **nýlega**—*ultimamente* (lit. novamente)

Nota: Os adverbios acabados en**-lega** pódense declinar para facer comparacións, o que os converte nun grupo propio grande dabondo. Por exemplo:

> **hætta**—*perigoso* ⇒ **hættulega**→**hættulegar**→**hættulegast**, i.e. *perigosamente*→*máis perigosamente*→*o máis perigosamente*.

Esta sería unha forma regular *a* para formar adverbios. Outro xeito é coller o nominativo singular neutro dun adxectivo e convertelo nun adverbio:

> **blítt**—*dóce* ⇒ **blítt**—*docemente*, cf. *hún sefur **blítt**—ela dorme **docemente***

Outra maneira é tomar a raíz dun adxectivo e engadirlle un **a**:

> **illur**—*malo* ⇒ **illa**—*malamente*, cf. *hann hagar sér **illa**—el comportouse **malamente*** (illur nunca leva o sufixo -lega).

Algúns adverbios son:

bráðum—*cedo*
núna—*agora*
oft—*a miúdo*
strax—*axiña*

Outros adverbios básicos inclúen, entre outros:

austur—*leste*
norður—*norte*
suður—*sur*
vestur—*oeste*
inn—*en*
innan—*desde dentro*
utan—*desde fóra*
út—*fóra*

Inn e *út* denotan movemento, *ir cara dentro* e *ir cara fóra*.

Outras clases de palabras

Preposicións

As preposicións determinan o caso dos substantivos que as seguen. Velaquí algúns exemplos:

acusativo	dativo	xenitivo	ac. ou dat. dependendo do contexto
um—*acerca de*	að—*con*	til—*a, cara*	á—*en, sobre*
gegnum—*a través*	af—*de*	án—*sen*	eftir—*despois*
umfram—*xunta con*	frá—*de, desde*	meðal—*en medio de*	fyrir—*antes*
kringum—*arredor*	hjá—*con*	milli—*entre*	í—*en*
umhverfis—*arredor*	úr—*fóra de*	sökum—*debido a, como consecuencia de*	með—*con*
	andspænis—*oposto a*	vegna—*a causa de*	undir—*debaixo de*
	ásamt—*ao longo de*	handan—*alén de*	við—*por*
	gagnvart—*cara a*	innan—*dentro de*	yfir—*sobre, enriba de*
	gegn—*a través*	utan—*fóra de*	
	gegnt—*con respecto de*	ofan—*enriba de*	
	handa—*para*	neðan—*embaixo*	
	meðfram—*ao longo de*		
	móti—*contrario*		
	undan—*desde abaixo*		

Sintaxe

A orde das palabras en islandés é SVO (suxeito-verbo-obxecto), xeralmente falando, co suxeito e o verbo invertidos nas preguntas e cando a oración comeza cun adverbio. Porén, a flexibilidade do sistema permite unha considerable liberdade á hora de ordenar as palabras.

Malia isto, existen certas reglas de sintaxe que son relativamente inflexibles. Por exemplo, o verbo principal debe sempre ir en segundo lugar na oración. Este feito coñécese co nome de orde de palabras V2, e é común nas linguas xermánicas. Véxase o exemplo seguinte (suxeito en amarelo, verbo en azul, obxecto en vermello):

> ***Mannfjöldinn var 1.500***—*A poboación era 1.500*

Aquí o elemento *var* (a terceira persoa do singular do pasado simple do verbo *vera*, 'ser', i.e. 'era') é a segunda unidade gramatical da oración. Se mudamos a oración:

> ***Árið 2000 var mannfjöldinn 1.500***—*No 2000, a poboaciónn era 1,500*

Neste caso, *var* é aínda a segunda unidade gramatical da oración, a pesar de non ser a segunda *palabra* na oración. O sintagma preposicional *árið 2000* (destacado en verde) conta coma unha unidade gramatical, de xeito que o verbo, como segunda unidade, debe aparecer logo de *2000* e non de *árið*. Suxeito e obxecto

aparecen despois. Unha excepción a esta regla xorde cando se forman preguntas mediante inversión:

> ***Stefán er svangur****—Stefán está anoxado*

convértese na pregunta:

> ***Er Stefán svangur?****— Está Stefán anoxado?*

Neste caso, suxeito e obxecto invírtense para formaren unha pregunta, pasando o verbo a ser a primeira unidade da oración no canto da segunda. Este método de formar preguntas úsase en moitos idiomas, coma por exemplo o inglés.

As interrogativas

Como vimos, as preguntas fórmanse facilmente reordenando a orde da frase, isto é, pasando de suxeito-verbo-obxecto a verbo-suxeito-obxecto. Por exemplo:

> ***Þú talar íslensku.****—(Ti) falas islandés.*

pódese pasar a pregunta como segue:

> ***Talar þú íslensku?****—Falas (ti) islandés?*

Cómpre salientar que a miúdo unha forma de elipse dáse cando realizamos preguntas en segunda persoa; o verbo e *þú* teñen tendencia a se fusionaren para facilitaren a pronuncia. Isto reflíctese na escrita, de xeito que con frecuencia acharemos a forma *talarðu* no canto de *talar þú*. O cambio sufrido é a transformación da xorda dental fricativa *þ* na sonora dental fricativa *ð*. Esta regla aplícase a varios verbos, algúns deles coas súas propias formas especiais (por exemplo *vera*, ‘ser, estar’, ten a forma *ertu*).

A regla da inversión tamén se aplica cos interrogativos, que se engaden ao inicio da frase. Os interrogativos en islandés son:

- ***hvað?****—que/como?*
  - Hvað ert þú að gera?—*Que estás (ti) facendo?/Que estás (ti) a facer?*
- ***hvaða?****—que?*
  - Hvaða hundur?—*Que can?*
- ***hver?****—quen?*
  - Hver ert þú?—*Quen és (ti)?*
- ***hvernig?****—Como?*
  - Hvernig hefur þú það?—*Como estás?* (lit. *Como tes ti iso*)
- ***hvar/hvert/hvaðan?****—onde/de onde?*
  - Hvar ert þú?—*De onde es (ti)?*
  - Hvert ert þú að fara—*Onde vas?* (lit. *Onde estás ti a ir?*)
  - Hvaðan kemur þú?—*De onde vés (ti)?*
- ***hvenær?****—cando?*
  - Hvenær kemur þú?—*Cando vés (ti)?*
- ***hvers vegna/af hverju/hví?****—Por que?*
  - Hvers vegna hann?—*Por que el?*

    - Af hverju ekki?—*Por que non?*
    - Hví?—*Por que?*
- ***hvort?***—*se/cal?*
    - Hvort hann komi, veit ég ekki.—*Non sei se vén ou non.* (lit. *Se el vén, sei eu non.*)
    - Hvort vilt þú?—*Cal queres (ti)?* (implica unha escolla entre dúas alternativas.)

Non obstante, os pronomes interrogativos (*hvað/hver*) deben declinarse cos verbos que modifican, de xeito que o caso do verbo mudará dependendo do verbo. O significado da oración non cambia usando *hvers vegna* ou *af hverju*; porén deben ser usados dunha maneira específica. *Hví* apenas se utiliza.

Cambios de pronuncia

Existe un certo número de mudanzas na pronuncia, detallados abaixo, e que ocorren en todos os tipos de palabras.

A-umlaut

É o umlaut máis vello de todos, aparecendo en todos os idiomas xermánicos, agás, quizais, o gótico. Pode darse en dúas variantes:

i ⇒ **e** (como por exemplo **niður** vs. **neðan**).
u ⇒ **o**. Exemplos serían **fugl** (cf. inglés **fowl**) ou **stofa** (cf. alemán **Stube**).

Non é demasiado frecuente.

U-umlaut

Dáse cando unha vogal *a* muda a *ö* pola presenza dun *u* na seguinte sílaba. Isto só afecta ó *a*, e non ó *á* ou *au*. Algúns exemplos:

tala—*falar* ⇒ **(við) tölum**—*falamos*
fara—*ir* ⇒ **(við) förum**—*imos*

Se hai unha sílaba intermedia entre o primeiro *a* e o *u*, o cambio non se produce.

Se hai dous *a's* precedendo o *u*, o primeiro *a* convértse en *ö* e o segundo en *u*. Un exemplo:

fagnaður—*ledicia* ⇒ **fögnuðum**—*ledicias* (dativo, plural).

As excepcións a esta regra inclúen varios empréstitos, por exemplo **banani**—*banana* ⇒ **banönum** (dativo plural) and **Arabi**—*Arab* ⇒ **Aröbum** (tamén dativo plural).

Historicamente, existiron catro formas máis de U-umlaut; apenas se usan ou foron retiradas.

I-umlaut

O I-umlaut é lixeiramente máis complexo, e consiste nos seguintes cambios de vogais:

a ⇒ **e**

á ⇒ **æ**
e ⇒ **i**
o ⇒ **e**
ó ⇒ **æ**
u ⇒ **y** (Ás veces aparece como se **o** ⇒ **y**, mais nunca é este caso concreto. Un exemplo: **Sonur** (singular) ⇒ **synir** (plural) dá a impresión de ser un I-umlaut, pero a vogal orixinal **sonur** foi un **u** cambiada a **o** polo A-umlaut.)
ú, **jú** e **jó** ⇒ **ý**
au ⇒ **ey**

Ademais, outras mudanzas xa en desuso son:

o ⇒ **ø**
ǫ ⇒ **ø**

Outros umlauts

Historicamente, houbo moitísimos máis umlauts en islandés , incluíndo:

- IR-umlaut
- J-umlaut
- R-umlaut
- G-k-umlaut
- W-umlaut

Estes teñen un ámbito moito máis limitado, e operan dun xeito moi semellante aos arriba mencionados, isto é, teñen máis ou menos os mesmos efectos. Feitas as referencias anteriores aos umlauts que xa están en desuso, é preciso facer fincapé que os I- e U-umlauts están moi vivos, como parte integrante do sistema de declinacións que se usa como ferramenta para a composición de neoloxismos.

Notas

1. Definicións no *Dicionario da Real Academia Galega* (http://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/islandés) e no Portal das Palabras (http://portaldaspalabras.gal/dicionario/procura/islandés) para *islandés*.

Véxase tamén

Outros artigos

- Literatura islandesa
- Wikipedia en islandés.

Ligazóns externas

- Unha minigramática islandesa (https://web.archive.org/web/20070514225342/http://www.hum.uit.no/a/svenonius/lingua/flow/li/minig/enmini_is.html), Intercomprehension in


Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua islandesa***

Germanic Languages Online / Universidade de Tromsø, 2003 *(en inglés)*.

- Mimir - Gramática islandesa máis exhaustiva (http://mimir.dettifoss.org/) *(en inglés)*.
- Verbix - Conxugador de verbos islandeses (http://www.verbix.com/languages/icelandic.shtml) *(en inglés)*.
- Vocabulario islandés-catalán (http://usuaris.tinet.cat/mrr/islandes/islandes1.html) *(en islandés)*, *(en catalán)*.
- Ferramenta para a declinación dos substantivos en islandés (http://www.lexis.hi.is/beygingarlysing/index.html). *En islandés*.



Vexa no Galizionario as palabras en ***Islandés***